

Información que estará dispoñible en Internet:

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR NUNHA VIVENDA

Pode comunicar a realización das obras menores que se indica en solo urbano consolidado, a non ser que afecten a bens integrantes do patrimonio cultural ou arqueolóxico (nomeadamente na Cidade Histórica, en edificios catalogados, nos Camiños de Santiago ou no 'perímetro azul').

Previamente, deberá autoliquidar e pagar as taxas e o ICIO. Pode facelo a través da carpeta cidadá na opción de Autoliquidacións de construcións.

A comunicación permite iniciar as obras de xeito inmediato, sen ter que agardar a que o Concello outorgue unha licenza. Quen a presenta faise responsable da veracidade dos datos e do axuste das obras á legalidade. Os servizos municipais poderán comprobar estas circunstancias e abrir, en caso necesario, un expediente de reposición da legalidade.

Se para levar a cabo as obras precisa ocupar a vía pública cunha estada ou cun colector, deberá solicitalo no Departamento municipal de tráfico.

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR NUN ESTABLECEMENTO COMERCIAL OU DE SERVIZOS

Pode comunicar a realización de obras menores nun establecemento adicado a algunha das actividades obxecto das medidas estatais de liberalización do comercio e de determinados servizos adoptadas no 2012, sempre e cando o local estea situado en solo urbano consolidado e as obras non afecten a bens integrantes do patrimonio cultural ou arqueolóxico (nomeadamente na Cidade Histórica, en edificios catalogados, nos Camiños de Santiago ou no 'perímetro azul').

Previamente, deberá autoliquidar e pagar as taxas e o ICIO. Pode facelo a través da carpeta cidadá na opción de Autoliquidacións de construcións.

A comunicación permite iniciar as obras de xeito inmediato, sen ter que agardar a que o Concello outorgue unha licenza. Quen a presenta faise responsable da veracidade dos datos e do axuste das obras á legalidade. Os servizos municipais poderán comprobar estas circunstancias e abrir, en caso necesario, un expediente de reposición da legalidade.

Se a realización das obras ten como finalidade a posta en funcionamento dunha nova actividade ou a modificación dunha actividade previamente autorizada ou comunicada, unha vez finalizadas deberá comunicar, presencial ou telemáticamente, a apertura do establecemento.

Se para levar a cabo as obras precisa ocupar a vía pública cunha estada ou cun colector, deberá solicitalo no Departamento municipal de tráfico.

COMUNICACIÓN DE APERTURA DUN ESTABLECEMENTO COMERCIAL OU DE SERVIZOS

Pode comunicar a apertura dun establecemento adicado a algunha das actividades obxecto das medidas estatais de liberalización do comercio e de determinados servizos adoptadas no 2012, sempre e cando o local estea situado en solo urbano consolidado e non se afecte a bens integrantes do patrimonio cultural ou arqueolóxico (nomeadamente a Cidade Histórica, edificios catalogados, os Camiños de Santiago ou o 'perímetro azul').

A comunicación permite abrir o establecemento de xeito inmediato, sen ter que agardar a que o Concello outorgue unha licenza. Quen a presenta faise responsable da veracidade dos datos e do axuste da actividade á legalidade. Os servizos municipais poderán comprobar estas circunstancias e abrir, en caso necesario, un expediente de reposición da legalidade.

Este procedemento utilízase cando a posta en marcha dunha nova actividade (ou a modificación dunha actividade previamente autorizada, declarada ou comunicada) non precisa realizar obras no establecemento, e tamén cando finalizan as obras menores que foron obxecto dunha comunicación anterior. Porén, cando as obras foran autorizadas conxuntamente cunha licenza de actividade, debe presentarse a comunicación de fin de obra, solicitude de visita de comprobación e posta en funcionamento de actividades suxeitas a licenza. Neste caso, o exercicio da actividade so pode comezar se non recibe resposta do Concello no prazo dun mes desde a solicitude.

Previamente, deberá autoliquidar e pagar a taxa pola licenza de apertura de establecementos (Ordenanza fiscal 3.10).

COMUNICACIÓN DE FIN DE OBRA, SOLICITUDE DE VISITA DE COMPROBACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMIENTO DE ACTIVIDADES SUXEITAS A LICENZA

Pode solicitar que os técnicos municipais verifiquen que o seu establecemento se axusta á licenza de instalación outorgada no seu intre, como requisito previo á posta en funcionamento da actividade.

Se non recibe resposta do Concello no prazo de un mes desde a solicitude, poderá iniciar o exercicio da actividade, sen prexuízo da obriga de cumprir as prescricións da licenza. Os servizos municipais poderán comprobar estas circunstancias e abrir, en caso necesario, un expediente de reposición da legalidade.

COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

Pode comunicar o cambio de titularidade dunha actividade previamente autorizada, declarada ou comunicada. Unha vez presentada a comunicación, o novo titular asume os dereitos, obrigas e responsabilidades do anterior, coa excepción das responsabilidades de orde sancionadora.

No caso de modificarse a actividade e/ou de realizarse obras no establecemento deberanse presentar as comunicacións ou solicitudes de licenza que sexan preceptivas.

Quen presenta a comunicación faise responsable da veracidade dos datos e do axuste da actividade á legalidade. Os servizos municipais poderán comprobar estas circunstancias e abrir, en caso necesario, un expediente de reposición da legalidade.

Previamente, deberá autoliquidar e pagar a taxa pola licenza de apertura de establecementos (Ordenanza fiscal 3.10).